



ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE XESTOR/XESTORA DE CONTIDOS E SOPORTE DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA, GRUPO C, SUBGRUPO C1, DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE DE COMETIDOS ESPECIAIS, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DOS ANOS 2017 E 2020, POLA QUENDA LIBRE.

RESULTADO DO TERCEIRO EXERCICIO.- Reunido o Tribunal Cualificador o día 03 de xuño de 2021 para proceder á cualificación do terceiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo, sobre coñecemento do idioma galego e consistente, a elección do tribunal, na redacción dun informe ou texto en relación coas funcións do posto, durante un tempo máximo de 30 minutos, aplicando os criterios de cualificación establecidos na base cuarta, alínea c) das bases específicas, así como os criterios de corrección nas probas sobre coñecemento do idioma galego para prazas integradas no grupo C, subgrupos C1 e C2 establecidos no "Anexo I - criterios esenciais de valoración nas probas sobre coñecemento do idioma galego", os aspirantes aprobados obtiveron as seguintes cualificacións:

CÓDIGO	APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓN
0439	FERNÁNDEZ VILLAR	CARLOS	2,99
0538	GÓMEZ LÓPEZ	ROI	2,25
0259	ALONSO PÉREZ	SAMUEL	1,55

De conformidade co disposto base cuarta, alínea c) das bases específicas, este exercicio puntuouse de cero (0) a tres (3) puntos, debendo obter aqueles aspirantes para os que este exercicio tivera un carácter eliminatorio, unha puntuación mínima de un con cinco (1,5) puntos.

Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do Tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas. Non obstante, as persoas interesadas tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Os aspirantes que non presenten as alegacións a través da sede electrónica do Concello de Pontevedra ou directamente no Rexistro Xeral do Concello deberán achegalas tamén, por fax (886212843), no mesmo día da súa presentación, para non interferir nos prazos de realización da seguinte proba.

PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola Secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello de Pontevedra, a relación coas cualificacións obtidas polos aspirantes aprobados, convocando aos candidatos que o superaron para a realización do cuarto exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio, consistente na redacción de un ou varios supostos prácticos relativos ás tarefas ou funcións propias da súa subescala e categoría (xestor de contidos e soporte de administración electrónica), determinado polo tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio, durante un tempo máximo de dúas horas, **o martes, día 8 de xuño de 2021, ás 9:00 horas, no Seminario 3, sito no andar primeiro do Pazo da Cultura, situado na rúa de Alexandre Bóveda s/n, e procedéndose a continuación á súa lectura.**

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A secretaria do tribunal

